

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

CHAMAMENTOS TELEFÓNICOS E PENALIZACIÓNS



Mentres continúe utilizándose o sistema de chamamentos telefónicos, estas serán as normas de funcionamento e penalizacións.



CHAMAMENTOS TELEFÓNICOS

- 1 Nos chamamentos urxentes realizaranse **2 chamadas**.
- 2 Nos chamamentos non urxentes realizaranse un mínimo de **3 chamadas** cun intervalo mínimo de 15 minutos entre elas.
- 3 Se non se consegue contactar coa persoa aspirante poderase continuar coa seguinte persoa da lista.
- 4 Se o chamamento se realiza con menos de **3 horas de antelación ao inicio**, a aceptación será **voluntaria no primeiro chamamento** e obrigatoria no segundo.
- 5 A aceptación deberá comunicarse no momento da chamada, salvo excepcións xustificadas.
- 6 Todas as chamadas quedarán rexistradas.
- 7 O persoal responsable deberá informar das características do nomeamento e das posibles suspensións ou penalizacións.



PENALIZACIÓNS

- ➔ A primeira renuncia sen causa xustificada suporá pasar ao final da lista durante **1 ano**.
- ➔ Unha segunda renuncia durante ese período anterior suporá a exclusión da lista durante **1 ano**.
- ➔ Tamén poderá haber penalización **por non atender chamadas**.
- ➔ Aplicarase penalización por **10 chamadas non atendidas nun período de 30 días naturais**.
 - Nos chamamentos urxentes contabilizarase un máximo de **1 chamada por día**.
 - Nos chamamentos non urxentes contabilizarase un máximo de **3 chamadas por día**.
 - A aceptación dun novo nomeamento **reiniciará o contador** de chamadas non atendidas.